


Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº107/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de xuño/ Estado de Prevacións

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Correccións sobre o anterior Onstopus, con respecto á Linaria e a Vaixela do Faro. Páx. 1

Xuventude desatende a Ons cos Campos de Voluntariado, (antigos Campos de Tráballo). Páx. 2



Había moitos anos que non se celebraba unha Primeira Comuñón en Ons. Martina, a bisneta de Cesáreo. Páx. 3



En exclusiva, a “VERDADEIRA” historia do xabaril de Ons. Páx. 4
Foto: oferrado.gal

Que pasa coa luz en Ons? Pregunta Pepe de Checho, en Onda Cero. Páx. 5



“Portonovo Canta” en concerto en Arra, de fondo a Illa de Ons. Páx. 5



Salgadoiro de Suxestións Sobre a publicidade na nova camiseta “oficial” do Celta para as competicións europeas. Páx. 5

Boa harmonía entre os veciños que pasan en Ons todo o ano. Recolleita de patacas. Para cando axudas para a agricultura. Páx. 6



O cociñeiro Juan Castiñeiras, preséntanos o seu vermú de tinto “Mexo de Vella” e petiscos para acompañalo.. Páx. 7

Breves:

- Xornadas de divulgación cidadá. Páx. 6
- Ons na Memoria: O Canón de Irene. Páx. 6
- Faro de Ons. Páx. 8

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS. LINARIA arenaria

No Onstopus anterior, nº 106, comentaba a problemática da duna de Canexol, que debería coidarse e protexerse, entre outras cousas, porque nela habita unha planta en perigo de extinción, como é a *Linaria arenaria*. Tamén expoñía que habería que dialogar cos veciños da zona e mirar de prescindir da baixada que hai por ela, ou, como moito e segundo digan os técnicos, preparar un pequeno camiño sen prexudicar moito a duna. Pois ben, ao pouco de saír a noticia, recibo un email dunha lectora que me informa sobre esa planta: “... *Respecto á Linaria arenaria, non só segue a estar presente na duna de Canexol e tamén na de Melide, senón que estes dous últimos anos crece de xeito bastante espectacular (para o que soe ser a Linaria arenaria) xusto diante dos hórreos de Canexol (é dicir, non na zona protexida ou semi-protexida da duna). Xusto agora está en flor, o que pasa é que é unha plantiña pequena e cunha floriña tamén moi pequena.*”

Quero agradecer a esta lectora por poñerme ao día con respecto a esta planta en Canexol e Melide, cousa que me alegra moitísimo, aínda que, sigo pensando, que se non se protexe esa duna, a *Linaria* e a duna sufrirán moito. Non estaría de máis unha pequena charla aos veciños de Canexol e Pereiró sobre a importancia da duna e da súa vexetación. Patrimonio Natural esquecese dos veciños á hora de Educación Ambiental.



Foto da *Linaria arenaria* sacada na duna de Canexol e enviada pola autora da suxestión.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS. Vaixela de Faros

Na última páxina do anterior Onstopus (nº 106) que dedico sempre a reivindicar o Faro de Ons como Centro Cultural, dedicado a Museo dos Faros, Fareiros e Naufraxios, poñía unha foto dunha cunca cunha decoración dos azulexos que adornan o corredor interior do Faro. Comentaba a posibilidade de que a Autoridade Portuaria se puxera en contacto con antigos traballadores do Faro para ver de recuperar algunha peza da vaixela, que este organismo no seu momento, puxo a disposición dos fareiros e peóns para o seu uso, e que contiña unha decoración alusiva a Faros, co fin de que, cando o Faro sexa un Centro Cultural, haxa algunha peza exposta. A foto que ilustraba esa páxina, pasáronma hai pouco e, pensei, que era unha peza desa vaixela de Faros.

Como pasou co tema da *Linaria*, ao pouco tempo da publicación, un lector púxose en contacto comigo para informarme do meu erro con respecto á foto da cunca, escribindo: “*Tinón, esa vaixela fabricouna Capeans no 95 aprox., co motivo dos azulexos do corredor do faro... A vaixela da que falas era a que chamaban a marca "faros", e a tiñan tódolos faros a bordo. Somentes fíxose unha edición e a maioría perdeuse polo uso.*”

Tan pronto recibín a suxestión, dinme conta que, coido, vin esa vaixela case ao completo nunha vitrina dun restaurante da Illa, coido que foi na de Checho. Tamén me puxen en contacto con Capeans, co tino de que me pasaran información sobre esa vaixela, sobre todo, para coñecer como se xestou a súa fabricación e decoración. Aínda estou no proceso de pescuda, xa que Capeans cambiou de dono e os novos propietarios non teñen esa documentación.

O que si, teño que agradecer ao lector que me deu a información polo envío dunha foto dun prato da vaixela de Faros, coa decoración que tiña, e que no seu día houbo no de Ons. (Fotos: Anagrama Faros no prato e na porta do Faro de Ons)



CAMPOS DE VOLUNTARIADO NAS ILLAS CÍES 2025



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

CAMPO DE VOLUNTARIADO ILLAS CÍES

(VIGO - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
1-12/07/2025	18-30	Internacional	Ambiental	20
15-26/07/2025	18-30	Internacional	Ambiental	20
1-12/08/2025	18-30	Internacional	Ambiental	20
17-28/08/2025	18-30	Internacional	Ambiental	20
1-12/09/2025	18-30	Internacional	Ambiental	20

DESCRIPCIÓN DO CAMPO O traballo será medioambiental e consistirá en labores de mantemento da illa, vixilancia de incendios, labores de información e sensibilización das persoas visitantes e intervencións puntuais de mellora no Parque en colaboración cos traballadores do servizo de medio ambiente. Limpeza da illa sur (única illa non comunicada por barco de viaxeiros). (Esta actividade depende do parque, non se poderá realizar en todas as quendas).

NOTA: Este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

https://xuventude.xunta.gal/sites/default/files/archivos/acciondeveran/camposdevoluntariado/2025/FichasGAL/ILLAS%20CIES-GAL_2025.pdf

A DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, un ano máis, MARXINA e DISCRIMINA A ONS


Xa o expliquei en anteriores Onstopus, que Cíes e Ons, a finais da década de 1970 tiñan cadanseu *Campo de Traballo*. Os seus compoñentes facían nas illas un labor impresionante a favor do Medio Ambiente.

En Ons, cando os camiños eran de terra e pedra, limpábanos para poder andar por eles sen perigo. Arranxaban, limpaban e pintaban as fontes. Facían tarefas de limpeza de praias. Axudaban aos mariñeiros a baixar e subir as dornas, se o seu labor era preto da praia. Non dubidaban en axudar a calquera veciño, se puntualmente necesitaban a súa colaboración. ... O labor que facían de limpeza do monte, contando só con fouciños e fouces mal afiadas prestadas polo Servizo de M. Ambiente, sen saber manipulalas, formándose uns callos nas mans impresionantes,... era extraordinario. E non digamos os case 10 veráns que pasaron en Ons, na década de 1980, apagando lumes, de día e noite, sen material ningún, aproveitando xestas ou outros arbustos para loitar contra o lume, xogándose case a vida de noite sen coñecer o terreo,...

E nin as grazas lles deron, aínda por riba, tiñan que pagar para poder ser membro deses Campos de Traballo. E, nun momento dado, á Xunta, déuselle por prescindir deles en Ons, pero si os deixou en Cíes, iso si, con outro nome CAMPOS DE VOLUNTARIADO. Por que ese privilexio para Cíes? Ons, como illa habitada, segue necesitando no verán a ese grupo de mozos, que aínda pagando, queren colaborar co Parque Nacional.

Por que a Xunta de Galicia, pon o berro no ceo cando dende o goberno central, din, que favorecen máis a Cataluña que a Galicia e, sen embargo, onde eles gobernan, favorecen máis, dentro do Parque Nacional, a Cíes que a Ons ou calquera das outras illas? Non predicán co exemplo.

Ons, como única illa habitada do Parque Nacional, debería ter, como antano, un CAMPO DE VOLUNTARIADO. As súas necesidades son, como mínimo, iguais que as de Cíes. (Fotos: Lume preto das casas. Rapaces Campo de Traballo, sofocándoo)



PRIMEIRA COMUÑÓN EN ONS

Dende que cheguei a Ons no ano 1974, na igrexa nova da illa, vivín un casamento de aunienses: Juan Reiríz e Josefa Pérez, foi a mediados da década de 1970.

Que recorde, dous bautizos: o de Eva a filla dos donos do chiringuito de Area dos Cans e o fillo de Alex e neto de Arturo (Aloloco).

Houbo un bo número de vodas, de xente foránea, sobre todo, a partires da década do 2000.

Pero, agás que non me dea conta neste intre, é a primeira vez, dende que estou en Ons, que hai unha Primeira Comuñón na Illa.

E é, ni máis nin menos, que a de **Martina**, filla de Rocio (neta de Cesáreo) e polo tanto, bisneta do veciño máis querido e mediático de Ons, **Cesáreo**.

A celebración foi na igrexa nova de Curro, o sábado 31 de maio rodeada de familiares e amigos que tivo a súa continuación nun convite no Restaurante Casa Acuña.



Á porta da igrexa e de esquerda a dereita: Camilo, xenro de Cesáreo, Martina, Cesáreo, curmán de Martina e Cesáreo patriarca da familia.



Guapísimas. De dereita a esquerda: Zulema: avoa, Vitoria: Tía-avoa, Rocio: a nai e Eva: a tía, de Martina. En Pereiró, de camiño á celebración.

Sesión vermú no exterior do restaurante.



Interior do restaurante Casa Acuña, preparado para recibir aos invitados á celebración.

A "VERDADEIRA" HISTORIA DO XABARIL DE ONS

A finais de maio, un amigo e lector de Onstopus enviábame esta historia que saíra publicada en www.oferrado.gal.
<https://oferrado.gal/xabaryl-en-ons>

Ao lela, aínda que xa pasaran máis de 30 anos da misteriosa aparición en Ons dun xabaryl, tróuxome moitos recordos. Esta enigmática arribada, prendeu na imaxinación dos aunienses, ao carón do alporizados e exasperados que se atopaban polos estragos que estaba a provocar este porco bravo nos seus cultivos. Como chegou a Ons este xabaryl?

Segundo contan, entre Cabo Udra e Beluso habitaba unha parella de xabarís. Anhelaban moito ver o mar e nesa teima, comprobaron que unha dorna, cada pouco, saía de Beluso e navegaba rumbo á Illa de Ons, e pasados uns días, retornaba de novo.

Despois de moito cismar, decidiron enrolarse nela e, cando comprobaron que o seu patrón estaba a aparellar a embarcación, nun descoído deste, metéronse de polizONS dentro da cadeira.

Ese día o mar estaba picado e cando a dorna navegaba á altura da Udra, comezou a dar un balanceo que provocou o mareo dos ocasionais tripulantes. Aproveitando que o material que levaba estibado o patrón non lle permitía ver a cadeira, abrírona, e a femia botou primeiro a cabeza e logo o corpo fóra, con tal mala sorte que un golpe de mar desequilibrouna e caeu á auga. O macho, nada puido facer, e desalentado, decidiu seguir agochado coa esperanza de que a súa parella puidera gañar terra nadando. Así foi como chegou a Ons, e buscando o mellor momento, saíu do seu acubillo e comezou o seu vagar pola Illa.

Como as noticias voan, e sen saber como, decatouse do falecemento da súa parella, pois aparecera aboiada no mar preto da Enseada de Aldán. Pero, había que tirar para adiante, e comezou a súa aventura auniense.

A súa nova teima era volver, de aí que escollera como residencia a zona do Castelo da Rueda, dende onde controlaba a dorna que o trouxera e así escoller o momento adecuado para despedirse de Ons.

Mentres, dedicouse a buscar mantenza, e que mellor que os campos cultivados aunienses. Foi así como emprendeu un bo recoñecemento pola illa, buscando o seu sustento. Iso provocou un traballo ímprobo que, á súa vez, traducíuse nun enfurecemento e desesperación dos veciños que tiñan as súa terras traballadas.

As protestas xurdiron, e ata chegaron a ameazar con queimar a illa <de punta a chicote> senón se solucionaba o tema.

Ante a problemática, a Delegación de Agricultura en Pontevedra acordou, despois de que o garda forestal e axudantes, certificaran a presenza do xabaryl na illa, que había que darlle caza, e contratou ese labor, a un grupo de cazadores especialistas de Terra de Montes. Foi así, como un sábado de Semana Santa, espertamos co estrondo dunha canzada de cans no Curro.

Si, alí estaban os expertos cazadores de xabarís de Terra de Montes contratados pola Delegación de Agricultura de Pontevedra.

En pouco tempo organizáronse, e seguindo as indicacións de Gabino (Capataz de M. Ambiente en Ons), tomaron posicións na zona onde lles indicou estaba o tobo do animal. Tamén, se anotaron varios aunienses coas súas respectivas armas.

Levando o xabaryl abatido a Curro



Comezou a batida sobre as 10 da mañá pola zona indicada, pero non tivo éxito. Os cans collían o rastro, pero pronto o perdían con tanta pegada de coello, o que provocou un desmoralizador comezo e optaron por ir xantar e esperar á tarde.

Mentres, **un grupo de aunienses de adopción** que se atopaban na Illa e que seguiron todas as manobras dos técnicos cazadores, decidiron formar unha cuadrilla de caza, de nome "Cazfur" (Cazadores furtivos) e maquinaron unha estratexia para dar caza ao xabaryl.

O Cazfur, estaba formado por: **Maqui, Quique, Pepe de Vigo, Javi Machadas, Tinón e Lola** (a cadela perdigueira de Pepe de Vigo). Fixeron lostrega xuntanza. Tiñan pouco tempo e había que aproveitar que os cazadores oficiais estaban de papadela, para argallar a manobra.

Conseguiron tres escopetas, e seguindo o rastro que marcaba Lola, tomaron posicións.

Maqui na zona alta, a carón do cruce de Melide. **Pepe de Vigo** na baixa, entre o castelo e as terras de Benito Patiño. **Quique**, de costas á casa de Benito. **Machadas**, encargado

da bota de viño, para dar alento aos novos cazadores, e **Lola** responsable de levar ao xabaryl ata o escampado de Benito, buscando un disparo seguro. Todo estaba programado ao milímetro, sabían que Lola coa súa habilidade e experiencia, ía levar ao xabaryl cara ao lugar indicado. Os seus saltos, sen ladrar, indicaban a posición do animal. Cando Lola xa o tiña no punto, si, comezou a ladrar e perseguir ao xabaryl que, cos nervios, correu cara ao descampado de Benito, onde o esperaban, despois de ir pechando o círculo, Maqui, Pepe de Vigo e Quique. Soaron tres certos disparos que acabaron coa aventura do xabaryl en Ons.

Os ladridos de Lola, e o son dos disparos, provocou un balbordo no bar, onde os de Terra de Montes estaban a tomar o café. Sen demorar un minuto, saíron detrás dos seus cans, que colleran, agora si, o rastro do xabaryl, e atopáronse no descampado de Benito Patiño co porco bravo morto e cos Cazfur. Comezou unha lía tremenda. Quen eran eles para dar caza ao animal? A cousa pintaba fea, e vendo que podía ir a maiores e habendo armas de por medio, Benito Patiño, como árbitro, deu un berro. Todos quedaron calados e observaban como o seu fillo, Carrillo, viña cunha pequena mesa, tres cadeiras e sobre a mesa poñía tres copas e unha botella chea de licor café.

Benito dixo: -Imos solucionalo no Var. E sentáronse o Xefe dos cazadores, Pepe de Vigo polo Cazfur e Benito de árbitro. A reunión durou, o tempo de esgotar a botella, e levantándose, Benito fixo coas mans o rectángulo arbitral, e solucionouse a algarabía. **Tinón** fotógrafo oficial da cacería.

Os de Terra de Montes serían os verdadeiros cazadores, para cobrar a recompensa que daba Agricultura, pero os Cazfur, terían pagado, nun dos restaurantes da Illa, unha ducia de botellas de Tinta Femia, dúas ducias de nécoras do primeiro mío, unha abundante caldeirada de polbo, sobremesa, cafés, chupitos e un par de gin tónico por cabeza. Acordado todo cun apertón de mans, levaron o animal a Curro. Alí fixeron as fotos de rigor os de Terra de Montes. O garda tomou nota para os pagos. Gardaron os cans no patio da escola e foron a tomar uns grolos que, segundo dicían, os tiñan ben merecidos. Mentres, os Cazfur, aproveitando que os de Terra de Montes, estaban de cantarella no bar, fixeron unha foto furtiva co xabaryl cazado. E, así remata a historia, dende logo, baseada nun FEITO REAL.

De esquerda a dereita os "Cazfur": Quique, Maqui, Pepe de Vigo e Machadas. O rapaz, Berto, fillo de Miro, axudante de faros.





SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con respecto á “Camiseta Oficial do Celta para os partidos europeos”

Despois da fantástica clasificación do Celta, alguén ideou esta camiseta coa coña da gaivota e o coitel. A min, fíxome tanta gracia que envíena aos meus amigos e, como pasa sempre, xorden ocorrencias. Esta é unha delas que me fixeron chegar: *“... na camiseta ten unha publicidade oficial, de Estrella de Galicia, a mellor cervexa do mundo, pero engadiron, dun xeito subliminal, a propaganda dun certo Partido Político galego que ten a gaivota como símbolo.*

Xa o vén facendo dende hai tempo. Se algunha vez decatáchetes, cando o Celta xoga en Balaidos e é televisado, constantemente, por diante das cámaras, están a voar gaivotas; que coidas que é? Pura e dura, publicidade subliminal dese Partido Político, espero que polo menos subvencione ao Celta con ela.”

Dende logo o enxeño e agudeza das persoas non ten límite e esta suxestión pareceume tan simpática e perspicaz coma a gaivota da camiseta.

GRUPO “PORTONOVO CANTA”

Ons e Portonovo estiveron sempre irmandados, tanto por ser un dos portos aos que ían vender o peixe, así como tamén ao ser o lugar escollido por varias familias aunienses para vivir cando comezou a diáspora.

Nun anterior Onstopus e co tino da presentación en Sanxenxo do documental “A última dorna de Ons”, este grupo actuou despois da visualización.

O domingo 1 de xuño, actuaron no restaurante Zulema de Arra, nun incomparable marco que tiña o océano e a Illa de Ons ás súas costas.



O PROBLEMA DA LUZ EN ONS (I)

O tema da luz na Illa ten unha longa historia. Querer abordalo, non é que sexa complicado, pero si daría, non para un libro, senón para unha boa enciclopedia. Se nos situamos nos últimos anos, vemos como pola década de 1970 tanto o tendido eléctrico como o xerador eran do máis precario e a potencia, con sorte, daba para poder iluminar a casa cunha lámpada por habitación. A mediados da década de 1980 un iluminado conselleiro decidiu que os veciños non pagaran nin a renda agrícola nin a luz, provocando unha situación inestable e insegura para os aunienses e aínda a estas alturas, non entendemos moi ben que escuras ideas tiña con esa medida. Na década de 1990, cunha enorme problemática veciñal polo arranxo das súas vivendas, o Delegado de Agricultura, co fin de baixar a tensión que se vivía, fai un “agasallo” aos veciños instalando un novo xerador moito máis potente e un novo tendido, cousa que os veciños agradeceron, pois a partir desa, a potencia subiu e xa nas vivendas poderían ter unha mellor calidade de vida; nesas intras, colocaron un contadores, que tamén durmiron un soño letárxico de inutilidade ata estes mesmos intras. Ala polo 2006 aprox., comezaron a soar tambores de tendido eléctrico submarino dende terra. Había concedido un presuposto polo estado e a Xunta pero, botándolle a culpa á crise, os cartos esfumáronse e con eles o cable submarino. Non hai moito, trouxeron un novo xerador. Dende Curro a Pereiró soterraron o tendido eléctrico e puxeron novos contadores, por certo, creando un impacto visual tremendo nunha arquitectura popular mariñeira. ... continuará.



A estas alturas e, en menos de tres meses, xa houbo dúas avarias importantes no novo xerador, o que provocou cortes de luz de 24 horas. O anterior xerador, que sería importante telo en perfecto estado para cando xorden avarias no principal, está sen reparar e o pequeno, supoño, o teñen para uso propio. O que se di, un verdadeiro desastre de xestión da D. Xeral de Patrimonio Natural.

COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

Curso teórico-práctico de iniciación á ornitoloxía

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) anuncia un novo curso no que a cidadanía poderá descubrir as aves que habitan no PNMTIAG e a súa importancia ecolóxica. A observación de aves é unha actividade fascinante que nos conecta coa natureza. Aprender a observar aves non só nos axuda a identificar diferentes especies, senón que tamén nos ensina sobre os ecosistemas e a importancia da conservación.

Na xornada teórica adentraremos no mundo da ornitoloxía en particular e do medio ambiente en xeral. Coñeceremos as principais especies de aves do PNMTIAG, os seus habitats, as ameazas que se cernen sobre as mesmas e as súas poboacións, e a lexislación, campañas e proxectos que existen para combater ditas ameazas.

Na xornada práctica observaremos e disfrutaremos das especies de aves reprodutoras no Parque Nacional das Illas Atlánticas, os seus habitats e observaremos in situ diferentes medidas e estratexias de conservación que o PNMTIAG está a desenvolver para a súa conservación.

■ **Relator:**
Diego Rodríguez Vieites. Biólogo, Ornitoloxo experto e Máster en Restauración de Ecosistemas

■ **Datas, horarios e lugar:**
Venes, 27 de xuño. 17:00 a 20:00. Fase teórica. Sede do PNMTIAG
Sábado 28 de xuño. 10:30 a 17:30 Fase práctica na illa de Ons
Embarque no porto de Bueu

■ **Obxectivos:**
Aprender a identificar as distintas especies de aves que habitan na illa de Ons
Divulgar a importancia das aves nos ecosistemas
Dar a coñecer proxectos relacionados coa conservación das aves levados a cabo no PNMTIAG

■ **Prazas:** 40. Inscripción previa (<https://forms.gle/4t1h3mMcSB1PLd0V8>)



ONS AGRÍCOLA

Que satisfacción ver a importante harmonía entre os onsienses que viven en Ons todo o ano. Aquí vemos ás familias de Rosiña e Cesáreo traballando xuntas a apanar as patacas, e desenvolver outras tarefas agrícolas para o seu autoconsumo anual.

Que pena que a D. Xeral de Patrimonio Natural xunto coa Consellería de Medio Rural e o Concello de Bueu, non busquen solucións á procura dun tractor comunal que axude aos veciños na sementeira e colleita. Coido que aumentaría considerablemente o número de veciños que vivirían en Ons ou pasarían longas tempadas.



ONS NA MEMORIA Foto da zona de Pereiró, onde Irene e Manuel móstranos o canón que lles construíra o seu xenro, o fareiro Jose María Seguí, para espantar, co seu estrondo, aos corvos e grallas que daban conta dos seus cultivos. Daquela, dixéronme que o utilizaran nalgunha ocasión. Agora pasa a ser parte da historia de Ons.

“FESTA DO VIÑO TINTO DE BARRANTES”



Na Festa houbo un **Showcooking**, onde o chef, Juan Castiñeiras, xunto a dous amigos tamén cocinheiros: Antonio Bugallo de Terra de Montes e Suso Boubeta, de Cangas Prepararon uns aperitivos para acompañar a este magnífico vermú.

Coñecín a **Juan Castiñeiras** na **Illa de Ons** hai máis de 30 anos. Daquela persoa vinculada ao mundo do **mar e a pesca**. Posteriormente volvemos a coincidir en Pontevedra, xa metido de cheo no mundo da **Micoloxía**, do que é un gran experto, e da **Restauración**, como cocinheiro innovador, onde os cogomelos e o peixe, con receitas innovadoras e moi personalizadas, atraían aos padais máis esixentes. Neste minixornal xa falamos del e dos seus pratos. O ano pasado presentou, nesta mesma Festa, da man do organizador Manuel Cabada, o **Vinagre Balsámico**: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/87/onstopus-87.pdf> e este ano 2025, presentou un Vermú de viño tinto co nome “Mexo de Vella” feito con viño, cantarelas, flor de sabugueiro e botánicos do Val de Poio, axenxo,...., e o segredo do cocinheiro.



APERITIVOS PREPARADOS

Cocinheiros: Juan Cocinheiro de Poio. Suso de Cangas, Antonio de Terra de Montes.

1º receita: Tratouse dunhas tostiñas de pan trigocenteo untadas de crema de centola camuflada, uns anacos de pementos do piquillo asados, e todo mollado con vinagre balsámico de tinto de país, con espadeiro, caiño e folla redonda.

2º receita: consistiu nuns niños de cogollos de leituga recheos dunha mestura de cogomelos de tempada (*Russula virescens*, *agaricus* e cantarelas, preparados nunha pota, con cebola, allo, cenoria, touciño veado e vermú “Mexo de Vella”. Logo de reeñcher, aportáronse anacos de tetilla e unhas gotas de vinagre balsámico da mesma adega.

3º receita: Nunhas conchiñas de endivias, púxoselles unhas puntas de espárragos, anaquiños de leituga, paté de centola agochada e un mollo de vermú “Mexo de Vella”.

4º receita: Limpas e salgadas unhas rinchas, estas cocéronse con cebola e loureiro. Despois de arrefriar e separar os lombos, foron a pasar a un bol onde se puxeron a macerar no balsámico durante 24 horas na neveira. Foron montadas en anacos enriba de tostadiñas de pan, queixo de untar e unhas gotas de vermú.



O obxectivo era dar a entender que este vermú e o balsámico de tinto país, poda dar un gran xogo de posibilidades nas elaboracións de variedade de pratos e preparacións, e que son produtos que poden poñerse a carón doutros semellantes sen ningún tipo de complexo. Teñen un futuro moi interesante para a saída comercial deste viño único no mundo e que xunto co catalán roxo, serán dous viños máis que apreciados nun futuro. Por exemplo co catalán negro faise un marmelo excepcional.

Para o ano está pensando en presentar un de castes tintas, así como unha xelea ou xelatina usando estes mesmos ingredientes



FARO de ONS

O seu futuro, um enigma!!!